*Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten a consecuencia dos seguintes actos:*

*a) A constitución e transmisión de dereitos de servidume.*

*b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado coma conxunto histórico-artístico, ou teñan sido declarados individualmente de interese cultural, segundo o disposto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación nos ditos inmovibles.*

*Para desfrutar desta exención, que será rogada, deberá acreditarse a declaración individual de ben de interese cultural ou a súa situación indubitada dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico. Así mesmo, acreditarase a execución de proxectos de conservación, mellora ou rehabilitación debidamente autorizados, para o cal presentaranse os proxectos, as licencias e permisos preceptivos e o certificado de fin de obra correspondente.*

*Terán a consideración de obras de conservación, mellora ou rehabilitación aos efectos da presente exención, as seguintes:*

- de rehabilitación ou reconstrución total.*
- de conservación ou mellora, sempre que o importe destas obras supere o 30 por 100 do valor de construción do inmovible a efectos do Imposto sobre bens inmovibles de natureza urbana, correspondente ó ano de conclusión da obra.*





## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

*Os servizos técnicos municipais incorporarán un informe respecto da necesidade ou utilidade das obras para a conservación do Patrimonio e a adecuación das obras aos requisitos exixidos para a concesión da exención. O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co concello respecto dos tributos que gravan o inmovible en cuestión e presentará declaración respecto de ter realizado ao seu cargo as obras.*

*c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.*

*Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.*

*Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumírase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade se comprobouse o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.*

*Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que figurase empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se o devandito prazo fose inferior aos dous anos.*

*Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente rexistrada.*

**CUARTO:** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7º de xeito que quede redactado como sigue:

### **Artigo 7º.-**

*1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos de natureza urbana, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de 20 anos.*

*2. Para determinar a base imponible aplicarase sobre o valor do terreo no momento do devengo, determinado conforme o disposto nos artigos 8, 9, 10, 11 e 12 desta ordenanza, os coeficientes máximos previstos no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladoras das Facendas Locais coas actualizacións vixentes en cada momento realizadas mediante norma con rango legal, podendo levarse a cabo esa actualización mediante as leis de orzamentos xerais do Estado.*

*3. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 3.e) da presente ordenanza, se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme o disposto nos apartados anteriores, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.*



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

**QUINTO:** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 8º de xeito que quede redactado como sigue:

### **Artigo 8.-**

*Para os efectos de determinar o período de tempo en que se xere o incremento de valor, tomaranse tan só os anos completos transcorridos entre a data da anterior adquisición do terreo de que se trate ou da constitución ou transmisión igualmente anterior dun dereito real de goce limitativo do dominio sobre o mesmo e a produción do feito imponible deste imposto, sen que se teñan en consideración as fraccións de ano.*

*No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, se prorrateará o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter conta das fraccións inferiores ao mes.*

**SEXTO:** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 9º de xeito que quede redactado como sigue:

### **Artigo 9.-**

*Nas transmisións de terreos de natureza urbana considérase como valor dos mesmos ao tempo do devengo deste imposto o que teñan fixado en dito momento para os efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis.*

*No obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflexe modificacións no planeamento aprobadas con posterioridade a aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto conforme o mesmo. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez sexa obtida conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data do devengo. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corríxiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ó efecto nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.*

*Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmóvil de características especiais, no momento da devindicación do imposto non teña determinado o valor catastral en dito momento, o Concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ó momento da devindicación.*

**SÉTIMO:** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 10º de xeito que quede redactado como sigue:

### **Artigo 10º.-**

*Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio sobre terreos de natureza urbana, a porcentaxe correspondente aplicarase sobre a parte do valor definido no artigo anterior que represente, respecto do mesmo, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.*

**OITAVO:** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 14º de xeito que quede redactado como sigue:

### **Artigo 14º.-**



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

1. Gozarán de bonificación nas cotas deste imposto que se devindiquen nas transmisións de terreos ou na transmisión e constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes, segundo a escala que se contén no apartado seguinte.

2. As bonificacións da cota a que se refire o apartado anterior aplicaranse segundo a seguinte escala:

<b>Cota Tributaria</b>	<b>Bonificación</b>
Ata 10.000 euros	95 por 100
De 10.000,01 euros ata 20.000 euros	90 por 100
máis de 20.000 euros	85 por 100

3. A cota tributaria para aplicación da escala de bonificación computarase pola totalidade de inmobles obxecto da transmisión lucrativa a liquidar.

**NOVENO:** Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación e na web municipal durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P. xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

**DÉCIMO:** O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, a Sra. Rodríguez Pérez di: En principio e, polo que estamos escoitando, se estamos falando dun incremento do IBI nos terreos urbanos, nós a favor non podemos estar. Pero gustaríanos que nos explicaras algo máis sobre o tema. Grazas.

O Sr. Alcalde di: Fasme a pregunta do millón. Que pregunte Luís tamén e así falamos todo despois.

O Sr. Rubido Ramonde di: Nós xa anunciamos que imos a votar que non. Mentres non se actualicen os valores catastrais á baixa, aquí pode haber resultados realmente abusivos. Para nosoutros débese deixar sen efecto ata chegar a un consenso todos e que sexa un imposto máis distributivo da riqueza. Parece mentira que o teña que dicir un que se pode tachar de conservador. Eu só gravaría as transmisións especulativas. Xa no ano 2015 presentamos nós unha proposta que foi rexeitada e solicitamos que quedaran exentas as transmisións de herdanza de determinadas cantidades. Entendemos que para o que se recada, que tampouco se recada moito, gástanos nunhas Navidades



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

nunha pista de patinaxe. Para qué? Para que haxa situacións realmente gravosas e inxustas? Non. Nós sometémolo a un consenso de todos ou deixalo sen efectos.

O Sr. Alcalde di: A plusvalía é un imposto que recada o Concello que garante a capacidade económica que podemos ter na garantía do benestar social cos impostos que pagamos todos, diso non cabe ningunha dúbida. A subida de impostos dende o ano 2015, no que entramos tanto o goberno actual como o anterior, en ningún momento subiu ningún tipo de imposto, é máis, os baixou. Si que é verdade que o tema do IBI, esta reflexión que fixeches, era bo que a fixeras no ano 2013, cando subíchedes a contribución coa revisión dos valores catastrais á alza. E sabes perfectamente que en 10 anos o valor catastral dunha parcela sube o 100%. Iso foi algo que se naquel momento se revisase pois agora mesmo seguramente non teríamos este problema. Está ben que agora digas que se fai á baixa cando daquela firmáchedes á alta. Recordo entrar un día pola mañá e sen revisalo previamente, supoño polos tempos, se aprobou pola tarde. Iso tamén pasou. A autocritica temos que facela todos en todo momento. O que poidamos falar entre as tres forzas que estamos na Corporación municipal para chegar a un acordo, se queredes, da modificación desta ordenanza, eu non teño ningún problema. Se a portavoz do BNG tamén está disposta a que nos reunamos as tres partes. Non teño ningún problema en sentarnos, revisalo e falalo. Si que é verdade que a plusvalía acaba un pouco con esa actitude especulativa das vivendas do prezo, como puido pasar coa crise do boom da construción. O grupo de goberno non temos ningún problema en sentarnos e analizar punto por punto e levalo á seguinte sesión ordinaria. Así que, María e Luís, se estades de acordo, sería cuestión de escoller un día. Non sei se a Secretaria ou o Interventor queren dicir algo sobre isto. Pola nosa parte, sen ningún problema.

O Sr. Interventor di: Eu, se me permiten, quero aclarar dende o punto de vista técnico que esta modificación non implica ningunha subida, é simplemente adaptar o texto da ordenanza ao cambio legal, xustamente para non gravar determinadas situacións. O tipo de gravame mantense o que había, non se sube.

O Sr. Pérez Riola di: A miña opinión é que deberíamos separar venda de herdanza. Non é igual cando vendo un terreo e obteño unha ganancia que cando heredo, non pago nada de imposto de transmisión e en cambio, págase unha bestialidade de plusvalía. Eu sei porque me pasou no caso de miña nai, era un 50%, se chega a ser un 100%... Se os nosos pais teñen un capital é porque estiveron pagando. Ti cando herdadas, herdadas un ben, pero tamén herdadas que vas a ter que seguir pagando o IBI hasta que o vendas, cando o vendes volve a pagar plusvalía. Entón, pagas dúas veces pola mesma cousa. É a miña opinión persoal.

O Sr. Alcalde di: Por un lado estamos a falar da adaptación desta ordenanza á lei actual e outra cousa son as modificacións que poidamos facer na ordenanza actual do Concello. Esta que temos adecúase á lei, non hai incrementos, pero eu sigo dicindo que se nos temos que sentar para revisar aspectos concretos, como o que acababan de dicir Manolo e Luís, eu non teño ningún tipo de problema. E eu creo que o resto de compañeiros que están sentados na bancada, non o falamos, pero seguro que estarían dispostos. Así que eu xa o deixo nas vosas mans.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Eu xustamente por onde ía era por onde contestou o Sr. Interventor, grazas. Vólvolle preguntar a el porque son cuestións técnicas, é dicir, vale, non supón un incremento da porcentaxe. Entón, non entendo, qué se incrementa?



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Interventor di: Non, non se incrementa nada. Ata agora, supoñíase que polo simple feito do paso do tempo o inmovible gañaba un valor cada ano. Entón, aínda que materialmente o perdera ti tiñas que pagar si ou si. Agora, con este cambio, hai que demostrar que ese incremento de valor produciuse efectivamente, senón non pagas. Págase o incremento de valor se realmente se produciu. É iso, en resumo, que o incremento de valor ten que ser real para poder gravarte. Non como ata o de agora, que se supoñía e tiñas que pagar a plusvalía aínda que o inmovible valera menos que cando o compraches. Isto foi a raíz da sentenza que houbo do Constitucional.

O Sr. Alcalde di: Por iso dicía eu que son dúas cousas que podemos tratar. Está claro que hai que adecualo á lei e, por outra parte, se vemos outra cousa como dicían Luís e María, ou revisando vemos puntos que podamos mellorar. Non falo dende o punto de vista de recadar impostos, senón das herdanzas onde si que realmente é moi inxusto que teñas que pagar os bens dos teus pais cando realmente xa foron pagados no seu momento. Por iso, esa subida dos valores, que agora mesmo hai que xustificar e demostrar é algo moi importante, que era algo que non había daquela e si que se consideran eses valores. Neste caso, o que se aprobaría é a ordenanza que é a actual, conforme á lei e, se se quere modificar, deixámola para falar outro día e sen problema ningún. Se estades de acordo, facémolo así.

O Sr. Rubido Ramonde di: É certo que ven sobrevido pola sentenza do Tribunal Constitucional, pero creo que é a ocasión para aproveitar e redactar un imposto tecnicamente mellor e máis xusto. E, insisto, os valores catastrais empezaron nunha porcentaxe, pero van subindo e subindo e subindo. Penso que nestes catro anos podía vostede promover o baixar os tipos impositivos, cousa que non fixo. Para o ano cumpre vostede 8 anos, xa non é xustificación que se queixe diso. Penso que hai que aproveitar para redactar unha ordenanza máis xusta porque os tipos impositivos non variaron, que o está dicindo quen fai as funcións de Interventor, pero si que están cambiando os valores que se utilizan para facer os cálculos. E xa adianto que poden ser uns resultados realmente moi desagradables, como xa está habendo.

O Sr. Alcalde di: Agradézolle que me diga que para o ano cumpro 8 anos, quen me dera, para o ano cumpro 50, xa peino máis canas. Non, non é certo e aí estás equivocado no sentido de que aos catro anos se poidan cambiar os valores catastrais. A realidade non é así. María José e mais eu fomos, no ano 2015 ou 2016, non recordo ben, ao pouco de entrar no Concello a falar co Director xeral do Catastro a Coruña e díxonos que durante 10 anos que non se podían tocar. É o que dicía eu antes, a autocrítica hai que facela cando se fai unha proposta de valores tan importante si que habería que sabelo que ía a durar 10 anos. Nosoutros o que fixemos durante estes 8 anos, xa co grupo de goberno anterior, foi baixar o coeficiente polo que se multiplicaba o valor catastral, é dicir, o que conseguimos foi moderar un pouco o prezo das cantidades que se pagaban de IBI. Máis vostede ten que saber perfectamente que no ano os valores catastrais suben un 10% anual. Entón, esa baixada do tipo impositivo, esa baixada do coeficiente o que fixo foi moderar eses prezos. Iso é unha realidade. Que no ano 2023 haxa que facer unha nova revisión dos valores catastrais, pois probablemente si porque aqueles foron moi abusivos. Daquela houbera concentracións no Concello porque estaba a xente moi en contra de todo iso. Recordo perfectamente que fun con María a falar co Director xeral do Catastro a Coruña e díxonos que durante 10 anos que non se lles podía tocar. Así que, neste caso, eu creo que aí estás equivocado. Volvemos ao de antes, aprobar isto non significa que vaimos a modificar nada, só significa que imos adaptalo á lei. Se hai cousas que cremos que se deben modificar que cremos que debemos revisar porque hai situacións que a realidade non se axusta ou non son xustas polo que poida pasar, volvo a dicilo, sentariámonos e falariámolo. Isto, nin sube nin baixa nin nada. Imos manter o que hai e adaptalo á lei. Isto igual



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

mañá, ou dentro de 20 días que saia publicado no BOP. Temos as dúas posibilidades, como queirades. Podemos aprobalo agora e logo queda pendente revisalo.

A Sra. Rodríguez Pérez di: A min dame igual o que se faga agora mesmo con esta modificación. Faredes o que vos consideredes que para iso gobernades, pero estou totalmente de acordo coa última parte da túa exposición. Eu o que si creo é que para o que nos teriamos que reunir e contar con toda a Corporación é para a revisión dos valores catastrais e non quero entrar nese tema porque non teño ganas de alterarme. Iso si que me parece que é unha cuestión importante a tratar. Todos e todas sabemos que é unha barbaridade a subida do valor dos terreos e iso si que se debería mirar de reformar.

O Sr. Alcalde di: Estou totalmente de acordo. Nosoutros como equipo de goberno estamos traballando no día a día, pero tamén creo que é unha responsabilidade nosa o comprometer ós partidos que representamos á poboación. Cando se fala dos valores catastrais o que hai que facer e sentarse, falalo, revisalo... todos podemos equivocarnos. Nos tampouco somos técnicos de todo, dependemos dos informes que fan os compañeiros que están ó noso lado que son quen realmente saben.

O Sr. Rubido Ramonde: O resultado da cuota depende de dous factores; o valor catastral e o tipo impositivo. Do tipo impositivo fixeron vostedes unha modificación no ano 2016, pasou o ano 2017, 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022 que o ano no que estamos, non se volveu a cambiar o tipo impositivo. Non me digan vostedes que teñen sensibilidade polo tema porque teñen moito marxe para baixar o tipo impositivo. A miña proposta sería retiralo e estudialo máis. Veñen tempos difíciles e van dar resultados de liquidación de plusvalía con bastante disgusto para moita xente. Agora o que está no mostrador é vostede.

O Sr. Alcalde di: Traballar sobre isto, nós non temos ningún problema, volvo a repetir. Aprobar isto é aprobar o que hai. Como dixo María, non vou entrar nestas batallas porque está todo dito. Por tanto, o que temos agora diante é este documento, a modificación desta ordenanza. Non sei se legalmente, o feito de non aprobalo... Se temos algún tempo determinado para poder aprobalo, para adaptar esta ordenanza a esa sentenza que houbo, para poder sentarnos porque senón vai quedar igual, salvo que adaptado á lei.

A Sra. Secretaria di: Son 6 meses dende o 10 de novembro, 6 meses son os que ten a Corporación Local para adaptar a ordenanza á modificación legal.

O Sr. Alcalde di: 6 meses, é dicir que logo non nos daría nin para levalo ao Pleno de maio.

A Sra. Secretaria di: Non.

O Sr. Alcalde di: Avisamos que para o mes que ven haberá un pleno extraordinario e igual se leva para ese, pero claro, temos que sentarnos para ver que puntos son os que hai que traballar. Deixámolo enriba da mesa e retirámolo da orde do día e sentámonos e falamos sobre el?

A Sra. Rodríguez Pérez di: Se vos o considerades. Si, paréceme ben.

O Sr. Rubido Ramonde di: Si, si. Obviamente.



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Concello Pleno, de acordo co previsto no artigo 92 do R.O.F., en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes, acorda que o expediente quede sobre a mesa aprazándose a súa discusión para a seguinte sesión.

### **5. MODIFICACIÓN DO TEXTO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES SOCIO-CULTURAIS, RECREATIVAS, DE OCUPACIÓN DO TEMPO DE LECER E DE EDUCACIÓN NON FORMAL E CALQUERA OUTRA DE ANÁLOGA NATUREZA E POLA ASISTENCIA A ESPECTÁCULOS E REPRESENTACIÓNS ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE CEDEIRA.**

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 28 de marzo de 2022, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 23.03.2022, que di:

#### **“Expte 2022/G014/000001 PROPOSTA DE ALCALDÍA:**

En sesión plenaria de 25 de marzo de 2021 se adoptou o acordo de aprobación do Texto Regulador do prezo público pola asistencia a espectáculos e representacións e pola participación en actividades socio-culturais, recreativas, de ocupación do tempo de lecer e de educación non formal e calquera outra de análoga natureza.

A aplicación ao longo deste ano da regulación do prezo, veu poñer de manifesto a necesidade de reducir os importes regulados no artigo 6 apartado a) do Texto regulador, para equiparalos aos que se cobran polas actividades deportivas e modificar a tarificación, ata o de agora por horas, considerando que debe realizarse por sesións diarias a fin de solventar problemas de tempos de clases nas que a sesión require minutaxes distintas dunha hora.

Vistos os informes que obran no expediente e a memoria económica.

Tendo en conta que, se ben a porcentaxe de cobertura se reduce segundo a memoria económica que consta no expediente, de conformidade co artigo 44 do TRLRFL poderán fixarse prezos públicos por debaixo do custo do servizo ou actividade, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen; debendo asumirse nos orzamentos do concello esa diferenza.

Pois ben, tanto a redución pola recadación derivada dos prezos por cursos e similares como a de eventuais espectáculos, pode ser asumida polo orzamento e de feito existe consignación para facer fronte aos gastos derivados da prestación e realización das actividades gravadas.

Polo que se refire á xustificación das circunstancias sociais, benéficas, culturais ou de interese público considéranse de plena aplicación as referidas no momento da aprobación do Texto regulador do presente prezo público que se transcriben a seguir:

“Co establecemento do citado prezo público preténdese garantir a financiación dunha serie de actividades nos ámbitos social e cultural pero desde a consideración de proporcionalas nunhas condicións axeitadas de accesibilidade xeral garantindo así a satisfacción do interese público que se pretende.



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Neste sentido hai que ter presente a situación xeográfica do noso municipio e a oferta e posibilidades a que poden optar os veciños. Todo iso sempre tendo en conta que o concello debe proporcionar eses servizos dende a sensibilidade das persoas que se atopan nunha situación desfavorecida e, en xeral, nunhas condicións económicas asequibles para a poboación que permitan o acceso xeral a oferta cultural e a actividades de aprendizaxe e ocio”.

Considerando que, de acordo co artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP), a modificación proposta regula aspectos parciais dunha materia.

Considerando que a modificación proposta responde aos principios de boa regulación, de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando o artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais que dispón que o establecemento ou modificación de prezos públicos corresponde ao Pleno da corporación sen prexuízo das facultades de delegación na Comisión de Goberno (hoxe Xunta de Goberno Local) conforme ao artigo 23.2 b) da Lei 7/85 de 2 de abril, de bases de réxime local.

Polo exposto, elévase ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a seguinte,

### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación do artigo 6 apartado a) do Texto regulador do prezo público pola asistencia a espectáculos e representacións e pola participación en actividades socio-culturais, recreativas, de ocupación do tempo de lecer e de educación non formal e calquera outra de análoga natureza, que queda redactado como se indica a seguir:

#### a) Réxime xeral:

ACTIVIDADES	PREZO POR HORA	PREZO MES	PREZO TRIMESTRE	PREZO ANUAL
Talleres, obradoiros, cursos e actividades análogas	2 €*	5 € mes / 1 sesión semanal**	12,5 € mes / 1 sesión semanal**	30 € mes / 1 sesión semanal**
Entrada espectáculos	2,50 €			





## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Abono Cultural***		7 €	15 €	50 €
-------------------	--	-----	------	------

\*Aplicable no caso de obradoiros, cursos e outras actividades análogas que se realicen con carácter puntual aínda que excedan dun mes.

Neste caso o importe do prezo público virá determinado pola aplicación do prezo por hora de duración.

No caso de fraccións de tempo distintas da hora aplicarase o importe proporcional tendo en conta o prezo/hora marcado.

\*\*Aplicable a obradoiros, cursos e outras actividades análogas que teñan carácter de continuidade e non puntual.

Neste caso o importe do prezo público virá determinado pola aplicación do prezo/mes fixado para unha sesión formativa á semana.

No caso de haber máis sesións semanais aplicarase o importe proporcional tendo en conta o prezo/mes por sesión marcado.

\*\*\*O abono cultural dará dereito a asistencia a todos os espectáculos programados polo Concello, coa excepción dos recollidos no apartado seguinte, e a asistencia a un máximo de dous cursos ou obradoiros.

**SEGUNDO.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos dixital do concello.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, a Sra. García Ríos di: É a ordenanza que xa tiñamos aprobada, o que pasa que ó poñela en marcha vimos que había cousas que non se adaptaban á realidade. Por exemplo, un dos cambios é modificar hora por sesión porque hai actividades que requiren distintos tempos para a súa preparación, entre que preparan e recollen pasou a hora e non deron clase. Entón, decidimos poñer sesión, para que dependendo da actividade se estableza o tempo pertinente, sen limitar a unha hora en concreto. E a outra modificación que se fixo foi reducir os prezos para equiparalos ós das actividades deportivas porque saían bastante máis barato facer un deporte varias veces á semana que acudir a actividades culturais. Así quedan equiparados os prezos das actividades culturais e deportivas, quedan máis proporcionados, non saen moito máis caro ir a actividades culturais que ir a actividades deportivas. Era un pouco para ser máis prácticos e máis coherentes. No informe de Tesouraría evidentemente di que o Concello non recada tanto, pero que antes no se recadaba nada por este tipo de actividades que non se cobraban, eran totalmente de balde e, sobre todo, o interese que hai pola importancia das persoas que se matriculan. Que haxa unha constancia das persoas que se matriculan e quen teña poder adquisitivo como para pagar as taxas, que pague unha cantidade simbólica, para poñelas un pouco en valor porque etectábamos que había moita xente se inscribía nun principio, pero logo deixan de asistir. Esta é unha maneira de poñelas un pouco en valor.



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor do PSdeG-PSOE e seis (6) abstencións, do PP (4) e do BNG (2), ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

### **6. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 86/2022 DE DATA 14/02/2022 DE RECTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN 84/2022 DE RENUNCIA Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O ANO 2022**

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 28 de marzo de 2022, que di:

“Vista a Resolución de Alcaldía nº 86/2022 do 14 de febreiro, que di:

#### **“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**Asunto: RECTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN 84/2022 DE RENUNCIA Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O ANO 2022**

Vistas Bases do Programa de subvencións dirixido aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2022, publicadas nos BOP núm. 246 e 14 de 28 de decembro e 04 de xaneiro de 2022, respectivamente.

Visto que este concello solicitou subvención ao abeiro desta convocatoria para o mantemento do seu Servizo de normalización lingüística con data 03/02/2022.

Dada conta do acordo do Pleno da Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol celebrado o 10 de xaneiro de 2022 onde se acorda solicitar unha axuda mediante a cal se prestará o Servizo de normalización lingüística a determinados concellos que forman parte da Mancomunidade.

RESOLVO:

Primeiro.- Deixar sen efecto a Resolución 84/2022 de data 14/02/2022 por erro no contido.

Segundo.- Renunciar a formar parte da solicitude que presenta a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para este servizo e esta anualidade.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución no próximo Pleno que se celebre que previsiblemente será o próximo 31/03/2022, para a súa ratificación.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución á Deputación da Coruña e á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.”



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdG-PSOE e dúas (2) abstencións do PP, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía nº 86/2022 do 14 de febreiro.”

Aberto o turno de intervencións, non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor do PSdeG-PSOE e seis (6) abstencións, do PP (4) e do BNG (2), ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía nº 86/2022 do 14 de febreiro.

### **7. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN NÚM. 107/2022 DE DATA 23.02.2022 - APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO DENOMINADO “SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE CEDEIRA”**

O Sr. Alcalde toma a palabra para informar de que este punto debe retirarse da orde do día porque houbo unha pequena modificación que mandou facer a Deputación con respecto ás cantidades, e se incluirá no punto de mocións de urxencia a ratificación da nova Resolución.

### **8. DAR CONTA AO PLENO DOS REPAROS EFECTUADOS E DAS PRINCIPAIS ANOMALIAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS NO ANO 2021**

Dáse conta ao Pleno do informe da Intervención, asinado dixitalmente con data 10.02.2022, que literalmente di:

#### **“INFORME DA INTERVENCIÓN AO PLENO.**

#### **ASUNTO: REPAROS E ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS NO 2021.**

O presente informe ten como obxecto ofrecer información máis completa ás concelleiras e concelleiros do Concello respecto do estipulado no artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL). O artigo 218 do TRLRFL, modificado pola Lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sinala ao respecto:

*“1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice. Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria. El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.*

*2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.*

*3. El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas*



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local.”

Asimismo, o artigo 15.6 do Real Decreto 424/2.017 de 28 de abril polo que se regula o réxime de control interno das entidades locais, que dispón:

**“6. Con ocasión de la dación de cuenta de la liquidación del Presupuesto, el órgano interventor elevará al Pleno el informe anual de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, o, en su caso, a la opinión del órgano competente de la Administración que ostente la tutela al que se haya solicitado informe, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice. El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación”.**

En cumprimento do disposto anteriormente, elévase ao Pleno informe comprensivo das resolucións contrarias aos reparos efectuados. Inclúense tamén os reparos levantados polo Pleno para facilitar a rendición ao Tribunal de Contas e que os membros da corporación teñan coñecemento da relación completa a remitir.

**Primeiro.** Esta Intervención municipal ten constancia dos seguintes informes de reparo efectuados ou resoltos no exercicio 2021, facendo un total de 91 rexistros que seguidamente se relacionan:

Nº REPARO	DATA REPARO	CONCEPTO	IMPORTE	ORGANO RESOLUCION	DATA LEVANTAMEN TO	Nº DECRETO
01-2021	05/11/2021	RELACION F-2020-80	36.269,51 €	ALCALDE	05/01/2021	3/2021
02-2021	07/01/2021	RELACION F-2020-81	34.089,03 €	ALCALDE	07/01/2021	
03-2021	13/01/2021	RELACION F-2020-82	10.821,28 €	ALCALDE	14/01/2021	18/2021
04-2021	18/01/2021	REX1-2021	17.908,53 €	PLENO	28/01/2021	
05-2021	19/01/2021	RELACION F-2021-2	15.981,71 €	ALCALDE	20/01/2021	30/2021
06-2021	28/01/2021	NOMINA XANEIRO 2021	2.385,93 €	ALCALDE	28/01/2021	52/2021
07-2021	29/01/2021	RELACION F-2021-5	20.573,13 €	ALCALDE	03/02/2021	60/2021
08-2021	03/02/2021	RELACION F-2021-6	16.721,89 €	ALCALDE	04/02/2021	64/2021
09-2021	08/02/2021	REX2-2021	13.572,92 €	PLENO	23/02/2021	
10-2021	10/02/2021	REX3-2021	13.515,50 €	PLENO	23/02/2021	
11-2021	10/02/2021	RELACION F-2021-8	15.053,56 €	ALCALDE	11/02/2021	75/2021
12-2021	11/02/2021	REX 4-2021	6.250,26 €	PLENO	23/02/2021	
13-2021	11/02/2021	REX 5-2021	18.022,79 €	PLENO	23/02/2021	
14-2021	11/02/2021	RELACION F-2021-11	11.103,00 €	ALCALDE	11/02/2021	77/2021
15-2021	11/02/2021	RELACION F-2021-12	5.756,21 €	ALCALDE	11/02/2021	78/2021
16-2021	18/02/2021	RELACION F-2021-13	7.989,47 €	ALCALDE	18/02/2021	90/2021
17-2021	24/02/2021	RELACION F-2021-14	10.770,33 €	ALCALDE	24/02/2021	99/2021
18-2021	25/02/2021	NOMINA FEBRERO 2021	2.385,93 €	ALCALDE	26/02/2021	102/2021

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira  
<https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

19-2021	08/03/2021	RELACION F-2021-15	11.068,66 €	ALCALDE	09/03/2021	125/2021
20-2021	10/03/2021	REX 6-2021	2.381,42 €	PLENO	25/03/2021	
21-2021	10/03/2021	RELACION F-2021-17 IR	24.481,88 €	ALCALDE	11/03/2021	132/2021
22-2021	12/03/2021	RELACION F-2021-18	10.690,12 €	ALCALDE	15/03/2021	136/2021
23-2021	15/03/2021	RELACIÓN F-2021-19 IR	2.695,00 €	ALCALDE	16/03/2021	138/2021
24-2021	15/03/2021	RELACION F-2021-20	12.973,11 €	ALCALDE	16/03/2021	139/2021
25-2021	16/03/2021	RELACION F-2021-21	9.098,48 €	ALCALDE	17/03/2021	149/2021
26-2021	17/03/2021	RELACION F-2021-22	13.733,06 €	ALCALDE	17/03/2021	152/2021
27-2021	25/03/2021	NOMINA MARZO 2021	2.327,86 €	ALCALDE	25/03/2021	161/2021
28-2021	08/04/2021	RELACION F-2021-23	20.217,60 €	ALCALDE	09/04/2021	178/2021
29-2021	09/04/2021	RELACION F-2021-24	11.095,88 €	ALCALDE	12/04/2021	181/2021
30-2021	12/04/2021	RELACION F-2021-25	21.193,98 €	ALCALDE	12/04/2021	182/2021
31-2021	19/04/2021	RELACION F-2021-27	27.601,17 €	ALCALDE	20/04/2021	195/2021
32-2021	15/04/2021	CERTIF N°3 Y FINAL URESPA	30.147,71 €	ALCALDE	15/04/2021	190/2021
33-2021	22/04/2021	RELACION F-2021-28	6.834,12 €	ALCALDE	23/04/2021	203/2021
34-2021	23/04/2021	RELACION F-2021-29	15.444,95 €	ALCALDE	26/04/2021	208/2021
35-2021	26/04/2021	NOMINA ABRIL 2021	2.385,93 €	ALCALDE	26/04/2021	212/2021
36-2021	26/04/2021	RELACION F-2021-30	1.875,80 €	ALCALDE	27/04/2021	213/2021
37-2021	28/04/2021	CERTIF N°3 Y FINAL JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS SA	15.757,95 €	ALCALDE	28/04/2021	221/2021
38-2021	10/05/2021	RELACION F-2021-31	39.466,20 €	ALCALDE	11/05/2021	237/2021
39-2021	11/05/2021	RELACION F-2021-32	14.388,78 €	ALCALDE	12/05/2021	244/2021
40-2021	12/05/2021	RELACION F-2021-34	8.544,90 €	ALCALDE	13/05/2021	247/2021
41-2021	24/05/2021	RELACION F-2021-35	22.117,54 €	ALCALDE	25/05/2021	268/2021
42-2021	25/05/2021	NOMINA MAIO 2021	2.385,93 €	ALCALDE	26/05/2021	277/2021
43-2021	04/06/2021	RELACION F-2021-36	29.971,48 €	ALCALDE	04/06/2021	292/2021
44-2021	03/06/2021	CERTIFI N°1 MELLORA CAMIÑOS AGADER	40.704,40 €	ALCALDE	03/06/2021	288/2021
45-2021	09/06/2021	RELACION F-2021-38	11.065,98 €	ALCALDE	09/06/2021	300/2021
46-2021	10/06/2021	RELACION F-2021-39	20.148,05 €	ALCALDE	10/06/2021	309/2021
47-2021	14/06/2021	RELACION F-2021-40	29.000,95 €	ALCALDE	15/06/2021	313/2021
48-2021	17/06/2021	RELACION F-2021-41	14.285,73 €	ALCALDE	17/06/2021	322/2021
49-2021	22/06/2021	RELACION F-2021-42	27.936,72 €	ALCALDE	22/06/2021	332/2021
50-2021	28/06/2021	NOMINA XUÑO	2.385,93 €	ALCALDE	28/06/2021	341/2021
51-2021	28/06/2021	RELACION F-2021-43	19.432,76 €	ALCALDE	28/06/2021	343/2021
52-2021	14/07/2021	RELACION F-2021-46	5.838,05 €	ALCALDE	14/07/2021	385/2021
53-2021	15/07/2021	RELACION F-2021-44	20.843,22 €	ALCALDE	16/07/2021	390/2021
54-2021	16/07/2021	RELACION F-2021-47	40.192,97 €	ALCALDE	16/07/2021	392/2021
55-2021	22/07/2021	RELACION F-2021-48	19.685,66 €	ALCALDE	22/07/2021	400/2021
56-2021	28/07/2021	NOMINA XULLO	2.385,93 €	ALCALDE	29/07/2021	411/2021

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira  
<https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

57-2021	09/08/2021	RELACION F-2021-49	57.290,96 €	ALCALDE	09/08/2021	430/2021
58-2021	11/08/2021	RELACION F-2021-50	24.724,93 €	ALCALDE	18/08/2021	448/2021
59-2021	19/08/2021	RELACION F-2021-51	14.472,57 €	ALCALDE	20/08/2021	451/2021
60-2021	20/08/2021	RELACION F-2021-52	4.864,94 €	ALCALDE	20/08/2021	452/2021
61-2021	24/08/2021	RELACION F-2021-54	38.280,67 €	ALCALDE	25/08/2021	454/2021
62-2021	27/08/2021	RELACION F-2021-56	47.317,61 €	ALCALDE	30/08/2021	463/2021
63-2021	27/08/2021	NOMINA AGOSTO	2.385,93 €	ALCALDE	27/08/2021	460/2021
64-2021	14/09/2021	RELACION F-2021-58	11.169,36 €	ALCALDE	14/09/2021	490/2021
65-2021	14/09/2021	RELACION F-2021-57	36.431,77 €	ALCALDE	14/09/2021	491/2021
66-2021	17/09/2021	RELACION F-2021-59	36.250,52 €	ALCALDE	17/09/2021	505/2021
67-2021	27/09/2021	NOMINA MES SETEMBRO	2.385,93 €	ALCALDE	27/09/2021	522/2021
68-2021	30/09/2021	RELACION F-2021-62	49.610,63 €	ALCALDE	30/09/2021	530/2021
69-2021	04/10/2021	RELACION F-2021-63	1.124,48 €	ALCALDE	04/10/2021	539/2021
70-2021	05/10/2021	RELACION F-2021-65	20.768,03 €	ALCALDE	06/10/2021	541/2021
71-2021	08/10/2021	RELACION F-2021-66	18.787,86 €	ALCALDE	08/10/2021	548/2021
72-2021	20/10/2021	RELACION F-2021-68	5.839,26 €	ALCALDE	20/10/2021	559/2021
73-2021	20/10/2021	RELACION F-2021-69	25.927,50 €	ALCALDE	20/10/2021	560/2021
74-2021	25/10/2021	RELACION F-2021-72	43.901,02 €	ALCALDE	26/10/2021	572/2021
75-2021	28/10/2021	NOMINA MES OUTUBRO	2.385,93 €	ALCALDE	28/10/2021	589/2021
76-2021	08/11/2021	RELACION F-2021-74	17.555,30 €	ALCALDE	09/11/2021	592/2021
77-2021	10/11/2021	LIQUIDACION URESPA	5.977,23 €	ALCALDE	10/11/2021	598/2021
78-2021	12/11/2021	RELACION F-2021-77	2.840,40 €	ALCALDE	12/11/2021	602/2021
79-2021	16/11/2021	RELACION F-2021-79	19.870,45 €	ALCALDE	17/11/2021	609/2021
80-2021	19/11/2021	RELACION F-2021-80	9.464,87 €	ALCALDE	22/11/2021	613/2021
81-2021	24/11/2021	RELACION F-2021-81	7.532,72 €	ALCALDE	25/11/2021	623/2021
82-2021	25/11/2021	NOMINA NOVIEMBRE	2.385,93 €	ALCALDE	25/11/2021	625/2021
83-2021	02/12/2021	RELACION F-2021-82	7.628,43 €	ALCALDE	02/12/2021	642/2021
84-2021	13/12/2021	RELACION F-2021-83	20.872,99 €	ALCALDE	14/12/2021	653/2021
85-2021	16/12/2021	RELACION F-2021-87	1.291,76 €	ALCALDE	16/12/2021	667/2021
86-2021	17/12/2021	RELACION F-2021-88	28.963,78 €	ALCALDE	20/12/2021	673/2021
87-2021	22/12/2021	RELACION F-2021-89	19.387,70 €	ALCALDE	23/12/2021	684/2021
88-2021	23/12/2021	RELACION F-2021-90	41.184,44 €	ALCALDE	23/12/2021	685/2021
89-2021	23/12/2021	NOMINA DICIEMBRE	2.385,93 €	ALCALDE	23/12/2021	686/2021
90-2021	27/12/2021	RELACION F-2021-92	7.239,81 €	ALCALDE	28/12/2021	689/2021
91-2021	28/12/2021	RELACION F-2021-94	31.354,99 €	ALCALDE	29/12/2021	691/2021

### Segundo. Anomalías en materia de ingresos.

Ademais dos sinalados expresamente en materia de ingresos, outras anomalías en materia de ingresos son as seguintes:



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

- a) Constan ingresos en concepto de **entradas de espectáculos no Auditorio** que non se atopan na ordenanza fiscal en vigor (ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no centro socio cultural).

As entradas das actuacións de AGADIC se cobran a 2,50 €. De aplicarse a ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos no centro socio cultural, as tarifas fixadas son de 3,00 € de entrada xeral ou 2,00 € de entrada reducida.

Esta é unha anomalía grave en materia de ingresos por non poder esixir importes non amparados pola preceptiva norma, debendo cesar no cobramento destes conceptos non previstos pola Ordenanza, ou impulsar a modificación da ordenanza para amparar o seu cobramento.

Os ingresos aparecen reflectidos en contabilidade segundo os ingresos en efectivo que se fan en conta aberta en entidade bancaria.

- b) No caso dos ingresos pola **taxa de ocupación da vía pública con terrazas** a cantidade recadada no ano 2021 (384,24 euros) é moi inferior ao importe previsto (10.000,00 euros) e ao recadado nos anos anteriores. Pódese concluir que non se produzo unha efectiva recadación dos ingresos por este concepto.

A modificación da ordenanza reguladora da ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos con finalidade lucrativa aprobouse no Pleno de data 29 de xullo de 2021. Nesta modificación introduciuse unha disposición adicional na que se sinala: *“Queda suspendida a aplicación da taxa regulada na presente Ordenanza ata o 31 de decembro de 2022. A suspensión é con carácter temporal e excepcional. Transcorrido o dito prazo de suspensión a taxa volverá a ser esixible nos termos da presente Ordenanza”*.

A modificación da devandita ordenanza fiscal entrou en vigor con posterioridade ao nacemento do feito imponible no ano 2021 polo que os seus efectos aplicaríanse no ano 2022, e non no ano 2021.

Esta forma de actuar entra en contradición co principio de indisponibilidade dos créditos tributarios dos que é acreedora a Entidade Local.

A Entidade Local non pode deixar de recadar os créditos tributarios dos que é acreedora.

Esta é unha anomalía grave en materia de ingresos por non esixir norma legal que ampare o non cobramento destes conceptos previstos pola Ordenanza no ano 2021.”

O Pleno da Corporación queda enterado.

### 9. DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2021

Dáse conta ao Pleno do decreto de Alcaldía núm. 65/2022 de data 08.02.2022 que di:

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

“Expediente núm.: 2022/T019/000001

Asunto: Aprobación da liquidación do orzamento do ano 2021

### DECRETO DE ALCALDÍA

Vistos os artigos 191 a 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os artigos 89 a 105 do Real Decreto Lexislativo 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais, as Regras 78 a 86 da Instrución de contabilidade para a Administración Local, de 23 de novembro de 2004 e as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Cedeira polo que respecta á liquidación do Orzamento.

Visto que con data 08 de febreiro de 2022, emitíuse informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e do cumprimento da regra de gasto no que se indica que “*A Liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2021, incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010, e incumpre a regra de gasto.*”

*Non obstante, a este respecto compre sinalar que o Consello de Ministros, mediante acordo do 27 de xullo de 2021, o cal foi ratificado polo Pleno do Congreso dos Deputados o 13 de setembro de 2021, aprobou a eliminación das regras fiscais. Isto implica que as administracións públicas non están sometidas durante o exercicio 2021 e 2022 ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra de gasto previstos na lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”*

Visto que con data 08 de febreiro de 2022, foi emitido informe de Intervención da liquidación do orzamento do ano 2021, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Visto o resultado orzamentario do exercicio 2021 de 330.551,10 euros e o Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de 2.778.452,08 euros.

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2021.

**SEGUNDO.** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que éste celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

**TERCEIRO.** Ordenar a remisión telemática de dita Liquidación a través da plataforma da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais en cumprimento da Orde HAP/2105/2012, da 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.”





## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Pleno da Corporación queda enterado.

### 10. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº Decreto	Asunto
000053/2022	ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
000054/2022	ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN 49/2022 DE DATA 28/01/2022 DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA A ADQUISICIÓN DUN PUNTO LIMPO MÓBIL AO ABEIRO DA ORDE DA XUNTA DE GALICIA POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCALES PARA A FINANCIACIÓN DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (MT975J)
000055/2022	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A CREACIÓN, MANTEMENTO E REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SNL) DE 2022
000056/2022	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA REDE DE BIBLIOTECAS 2022
000057/2022	EXPEDICIÓN DE COPIAS DOS DOCUMENTOS RELATIVOS AOS EXPEDIENTES DO EDIFICIO "BRANDEIRO" SITO EN RUA CORUÑA Nº 9 CONSTRUIDO POR CONSTRUCCIONES JOSAPI S.L.
000058/2022	DECRETO BONIFICACIÓN CANON SOGAMA ANO 2022
000059/2022	PROPOSTA APROBACION DE FACTURA DE SUMINISTRO ELECTRICO F-2022-5
000060/2022	NOMEAMENTO DE DON SANTIAGO VELEZ SERRANO COMO FUNCIONARIO EN COMISIÓN DE SERVIZOS NA PRAZA DE GARDA DE POLICIA LOCAL CO CÓDIGO DO CATÁLOGO DE POSTOS NÚMERO 15022GP05
000061/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2022-6
000062/2022	RECLAMACIÓN TGSS DÉBEDA POR RECARGO POR VACACIÓNS RETRIBUÍDAS NON DISFRUTADAS PERIODO LIQUIDACION 08 2021 10 2021 MARÍA JOSÉ PONCE SOTO
000063/2022	CONCESIÓN DE TARXETA DE ARMAS A D. JAVIER VILLAR DEL RIO
000064/2022	Tramitación de Decretos - 99500000025038 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
000065/2022	DECRETO APROBACIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2021
000066/2022	MC 05 2022 IR 01 2022 AFECTADO
000067/2022	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA O ANO 2021
000068/2022	MC 06 2022 IR 02 2022 COMPROMISOS
000069/2022	CONTRATACIÓN DUNHA LIMPADORA INTERINAMENTE PARA SUBSTITUIR A TRABALLADORA DONA TERESA RODRÍGUEZ CHEDA POR BAIXA IT
000070/2022	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO/A INTERINO/A COMO TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO A1) - DECRETO ANULADO POR ERRO DE TRANSCRIPCIÓN
000071/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA E NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA
000072/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000073/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO DA FACTURA F-2022-246 SERVICIOS DOS CONCELLO GALEGOS
000074/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA
000075/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

000076/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000077/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA
000078/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000079/2022	Tramitación de Decretos - 25219/2021 Resolución de primeras alegaciones Ordinario
000080/2022	ANULADO POR ERRO NO CONTIDO E CREADO UN NOVO CON DATA 24/02/2022. ADXUDICACIÓN DA OBRA DE CONSERVACIÓN DE FIRME NA AVDA. ESPAÑA E CAMIÑO PITILLEIRA.
000081/2022	MC 07 2022 TC 03 2022
000082/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-8
000083/2022	RESOLUCIÓN QUE RECTIFICA, POR ERRO DE TRANSCRIPCIÓN, O DECRETO NÚM.70/2022 DE DATA 10/02/2022 QUE APROBA AS LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO/A INTERINO/A COMO TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO A1)
000084/2022	RENUNCIA Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O ANO 2022- ANULADO POR ERRO POR OMISION
000085/2022	MC 08/2022 TC 04 2022
000086/2022	RECTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN 84/2022 DE RENUNCIA Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O ANO 2022
000087/2022	CONSULTA DE EXPEDIENTE 2010/032/000001.
000088/2022	NOMEAMENTO DE DON JESUS CARUNCHO ÁLVAREZ COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA UNHA VEZ SUPERADO O CURSO SELECTIVO PARA O ACCESO A CATEGORÍA DE POLICÍA DOS CORPOS DA POLICIA LOCAL DE GALICIA.
000089/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A PAVIMENTACIÓN DO FIRME ENTRE ALCORQUES DAS ÁRBORES ANEXAS AO ANEL DA PRAZA ROXA
000090/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE PLANIMETRÍA E DESEÑO DE ESPAZOS VERDES EN DÚAS PARCELAS MUNICIPAIS
000091/2022	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO 2022
000092/2022	APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓN LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO OPERARIO - CONDUCTOR
000093/2022	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE XANEIRO DE 2022
000094/2022	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS 2022 (TU503D)
000095/2022	PAGO A XUSTIFICAR 01 2022 ENGANCHE ELÉCTRICO
000096/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACIÓN F-2022-10
000097/2022	RECLAMACIÓNS TGSS DÉBEDAS POR RECARGOS POR VACACIÓNS RETRIBUÍDAS NON DISFRUTADAS DE VARIOS PERÍODOS DE LIQUIDACION
000098/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE MAN DE OBRA PARA PAVIMENTAR O FIRME ENTRE ALCORQUES DAS ÁRBORES ANEXAS AO ANEL DA PRAZA ROXA
000099/2022	CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE REPARACIÓN E LIMPEZA DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
000100/2022	AMPLIACION DE HORARIO DE ATENCIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCORRENCIA ANTE SITUACIÓN DE EMERXENCIA.
000101/2022	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL) 2022
000102/2022	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAÚDE DA OBRA DE REPARACIÓN E LIMPEZA DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
000103/2022	SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA LIÑA 2 DA ORDE DO 30 DE NOVEMBRO DE 2021 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA OS ANOS 2022 E 2023: PROXECTOS DE SEPARACIÓN E RECICLAXE EN ORIXE DE BIORRESIDUOS MEDIANTE A SÚA COMPOSTAXE DOMÉSTICA OU COMUNITARIA (COMPOSTAXE IN SITU) (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO MT975K)
000104/2022	SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA LIÑA 1 DA ORDE DO 30 DE NOVEMBRO DE 2021 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

	GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA OS ANOS 2022 E 2023: PROXECTOS DE IMPLANTACIÓN, AMPLIACIÓN OU MELLORA DA RECOLLIDA SEPARADA DE BIORRESIDUOS DESTINADOS A INSTALACIÓNS ESPECÍFICAS DE TRATAMENTO BIOLÓXICO (COMPOSTAXE E/OU DIXESTIÓN ANAEROBIA) (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO MT975K)
000105/2022	Tramitación de Decretos - 9950000025172 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
000106/2022	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO PARA ATENCIÓN A MUSEOS E CENTROS MUSEÍSTICOS PARA O 2022
000107/2022	APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO DENOMINADO "SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE CEDEIRA"
000108/2022	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO DENTRO DA LIÑA APROL RURAL 2022
000109/2022	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL, AO ABEIRO DA LIÑA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2022
000110/2022	DESIGNACIÓN E ASIGNACIÓN DE PRODUCTIVIDADES E RECOÑECIMENTO RETRIBUTIVO MENSUAL A MEMBROS DA POLICIA LOCAL E A PERSOAL SUBALTERNO
000111/2022	NOMINA FEBREIRO 2022
000112/2022	SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023, DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (MR701E)
000113/2022	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO PARA O ANO 2022
000114/2022	ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN NÚM. 80-2022 DE 14 DE FEBREIRO E ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA "CONSERVACIÓN DE FIRME EN AVDA. ESPAÑA E CAMIÑO PITILLEIRA"
000115/2022	CANCELACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 01/2021 CONCEPTO: GASTOS TRANSPORTE E ALOXAMENTO FITUR 2021
000116/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA A OBRA "CONSERVACIÓN DE FIRME EN AV. ESPAÑA E CAMIÑO PITILLEIRA"
000117/2022	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA PARA O ANO 2022
000118/2022	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO PROCEDIMENTO SSS SEGURIDADE SOCIAL 145/2021 DE JOSÉ LUÍS PARADA FREIRE CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
000119/2022	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE PARA O ANO 2022 (TR351A)
000120/2022	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL
000121/2022	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE PARA A DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FÍSICO E PARA A MELLORA DE COLECCIÓNS BIBLIOGRÁFICAS PARA O ANO 2022
000122/2022	APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO TRABALLADOR/RA SOCIAL
000123/2022	Tramitación de Decretos - 9950000025221 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
000124/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-11
000125/2022	PROPOSTA APROBACION RELACION FACTURAS DE SUMINISTRO ELECTRICO F/2022/13
000126/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2022-14
000127/2022	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
000128/2022	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE
000129/2022	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL
000130/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2022-15
000131/2022	CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR PARA CUBRIR INTERINAMENTE A BAIXA POR IT DE DONA MARÍA CARMEN PÉREZ PRIETO
000132/2022	APROBACIÓN PLAN SEG. E SAÚDE DA OBRA DE CONSERVACIÓN DE FIRME EN AV. ESPAÑA E CAMIÑO PITILLEIRA. POS+2021
000133/2022	Aprobación definitiva Orzamento Xeral 2022
000134/2022	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA EQUIPAMENTO UTILIZADO PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS (CT211B)
000135/2022	ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN 134/2022 DE DATA 10/03/2022 DE SOLICITUDE DE DE SUBVENCIÓN PARA EQUIPAMENTO UTILIZADO PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS (CT211B)
000136/2022	Solicitud Xeral a nome de MARIA MONTERO GONZALEZ. Solicita: Dado o tempo transcurrido dende a convocatoria sen que se faga efectiva a mesma, solicita a devolución da tasa polo dereito ao examen. Achego o modelo de solicitude

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira  
<https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

	rexistrado n
000137/2022	PROPOSTA APROBACION RELACION FACTURAS F-2022-18 SUMINISTRO ELECTRICO
000138/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO A FACTURA F-2022-518 SERVIZOS DOS CONCELLO GALEGOS
000139/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE IMPARTIÇÃO DE OBRADOIROS DE SENSIBILIZACIÓN DA ACTIVIDADE PESQUEIRA E MARISQUEIRA DIRIXIDOS A ESCOLARES. PARTE 1: SESIÓNS DE TRABALLO NA AULA CO ALUMNADO. PROGRAMA CEDEIRA MAR (GALP1-204) ANUALIDADE 2022
000140/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE DESEÑO DUN PROGRAMA DE RUTAS NO LITORAL. PARTE 1: DESEÑO DE ITINERARIOS. PROGRAMA CEDEIRA MAR (GALP1-204) .ANUALIDADE 2022
000141/2022	RESOLUCIÓN. EXPTE. REINTEGRO SUBV. CREACIÓN, MANTEMENTO E REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACION 2020
000142/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION F-2022-17
000143/2022	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA TRABALLADORA SOCIAL PARA CUBRIR INTERINAMENTE A BAIXA POR IT DE DE DONA MARÍA LUISA PÉREZ PIÑÓN
000144/2022	CONTRATACIÓN DUNHA LIMPADORA INTERINAMENTE POR SUBSTITUCIÓN DA TRABALLADORA DONA BEATRIZ GARCIA RODRIGUEZ POR BAIXA IT
000145/2022	NOMEAMENTO DE SUPLENTE NA PRESIDENCIA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO/A INTERINO/A COMO TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO A1)
000146/2022	PRÓRROGA CONTRATO LABORAL TEMPORAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS REXISTRADO CO CÓDIGO E-15-2021-0345591 NO SEPE E FORMALIZADO SEGUNDO DECRETO 677/2021 DE 21/12/2021 ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E DON ANDRÉS LOZANO CASAL.
000147/2022	TRAMITACION URXENCIA TAXAS DA XUNTA
000148/2022	C1021 - VENDA ANTIGA CAMARA AGRARIA - RECORDATORIO PAGO APRAZADO 2022
000149/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACIÓN F-2022-19
000150/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE IDENTIFICACIÓN DE RUTAS DE SENDEIRISMO E DE BTT, TRACKEADO E ELABORACIÓN DE INFORME DA ACTIVIDADE. PROGRAMA CEDEIRA MARIÑEIRA (GALP-199) - ANUALIDADE 2022
000151/2022	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE FEBREIRO DE 2022
000152/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE MELLORA DE BEIRARRÚAS NA PONTE NOVA E RENOVACIÓN CONCESIONAL
000153/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ELABORACIÓN DE CONTIDOS, GRAVACIÓNS E CÓDIGOS QR EN RUTAS TEMATIZADAS. PROGRAMA CEDEIRA MARIÑEIRA (GALP-199) - ANUALIDADE 2022
000154/2022	LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NO MEAMENTOS INTERINOS COMO OPERARIO-CONDUCTOR
000155/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-20
000156/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA DE PRAZA PÚBLICA
000157/2022	NÓMINA MARZO 2022
000158/2022	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 31.03.2022

O Pleno da Corporación queda enterado.

### 11.MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia infórmase que o grupo de goberno municipal somete á consideración do Pleno, por razón de urxencia, á seguinte moción:

#### 11.1 RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 167/2022 DO 31.03.2022 – ANULACIÓN DO DECRETO NÚM. 107/2022 E APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO DENOMINADO “SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE CEDEIRA”



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Pola Secretaría dáse lectura á resolución de Alcaldía núm. 167/2022 do 31.03.2022, que di:

### “RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

#### **Asunto: ANULACIÓN DO DECRETO NÚM. 107/2022 E APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO DENOMINADO “SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE CEDEIRA”**

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 498/2021 do 15 de setembro foi aprobado o proxecto técnico denominado “Substitución do pavimento do polideportivo municipal de Cedeira, redactado polo enxeñeiro D. Miguel Fiuza Canosa en febreiro de 2021 e polo importe total de 189.793,23 € (IVE incluído).

Con data 09.02.2022 recibíuse un requirimento do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial, no cal se comunican deficiencias en relación co proxecto citado.

Mediante Decreto núm. 107/2022 de data 23 de febreiro resólvese aprobar o proxecto técnico modificado denominado "Substitución do pavimento do polideportivo municipal de Cedeira", unha vez subsanadas as deficiencias indicadas no requirimento recibido con data 09.02.2022, se ben se detectan en dita resolución erros económicos e de redacción, debendo proceder a ditar nova resolución que anule e substitúa a anterior.

Polo tanto, modifícase o proxecto técnico denominado “Substitución do pavimento do polideportivo municipal de Cedeira”, resultando minorado no seu importe logo de solventar as deficiencias comunicadas polo Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial.

O proxecto técnico corrixido, asinado dixitalmente polo enxeñeiro D. Miguel Fiuza Canosa o día 18.02.2022, e presentado no rexistro do Concello de Cedeira na mesma data (rex. entrada 20229990000403), ten un importe total de 187.201,41 € (IVE incluído).

Por isto, **RESOLVO:**

- 1.- Anular o Decreto núm. 107/2022 de data 23 de febreiro por conter erros económicos e de redacción.
- 2.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Substitución do pavimento do polideportivo municipal de Cedeira", polo importe total de 187.201,41 € (IVE incluído), unha vez subsanadas as deficiencias indicadas no requirimento recibido con data 09.02.2022 do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial.
- 3.- Enviar o proxecto técnico referido no apartado anterior á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL; así como a restante documentación requirida polo Servizo de Patrimonio e Contratación.
- 4.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”

Aberto o turno de intervencións, non se produce ningunha.



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Polo Sr. Presidente se somete a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (7) e do BNG (2), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR a moción nos termos nos que quedou transcrita.

Polo Sr. Presidente pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún

### 12. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas, a Sra. Rodríguez Pérez di: Eu vou a facer preguntas rápidas e contéstasme todo xunto, se te parece?

O Sr. Alcalde di: Se sei, si.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Preguntas tipo rogos: por favor, abride canto antes os baños do paseo marítimo.

O Sr. Alcalde di: Xa están.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Estes días non fun.

O Sr. Alcalde di: Abríronse a semana pasada, luns da semana pasada. Non levan un mes.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Vale. Outra: chegou unha mensaxe polo wasap sobre o centro xuvenil, non sei se xa o abríchedes ou se non.

O Sr. Alcalde di: Manuel e Carmela, non sei se queredes contestar vosoutros. Xa che contestan eles como está, qué se fíxo, qué se vai facer...

O Sr. Martínez López di: Si, abre mañá. Reabrimolo mañá, pola tarde, penso que ás 6 h.

A Sra. Prieto Cal di: Ás 5 h., de 5 a 8 h. vai ser o horario, venres, sábado e domingo. Mañá é a reapertura oficial cunha especie de acto. Íase abrir a semana pasada, pero a rapaza que vai estar alí colleu o covid, polo que non se puido reabrir a semana pasada. A previsión é que se leve todo por medio dunha empresa, cunha persoa que é educadora e que ten bastante experiencia en tempo libre con adolescentes para facer un traballo participativo para que eles mesmos, coa axuda dela, por suposto, planifiquen as actividades que alí se fagan ou simplemente utilizar o espazo para estar e nada máis. Non sei se así che contestei ou non, María.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Si, grazas. Outra cousa, cómo vai o tema da contratación da traballadora social?



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Alcalde di: Esta pode contestala eu. A traballadora social, cando se publicou definitivamente a aprobación do orzamento, se o Catálogo estivese aprobado xa podíamos contratar. O catálogo está modificado, porque o posto que tiña María José, agora vai ser un posto de funcionario, entón, ó haber esa modificación no Catálogo, este ten que estar aprobado definitivamente. Agora xa está aprobado o Catálogo definitivamente, e no momento que sae publicado no BOP, xa se pode contratar. É dicir, mañá ímolo mandar a publicar, intentaremos que sexa por urxencia e, no momento no que saia, xa imos iniciar o proceso de contratación. Antes non se puido porque levaba esa modificación.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Nada máis, simplemente, un rogo, que ao mellor neste tema controla máis Luís Rubido ca min. Tede coidado coas cousas que mandades polo wasap de Cedeira informa, non confundades Concello e partido, aínda que esteades gobernando con maioría absoluta, mirade un pouco as formas. Hai pouco tempo, non sei exactamente que día foi, un día de esta semana se non recordo mal, puxéchedes algo de que PSOE de Galicia levara ao Parlamento galego non sei qué relativo á escola, a cuberta do patio, unha cousa é que o faga este Concello e outra cousa é que o faga o partido.

O Sr. Alcalde di: Estou de acordo en que non foi a mellor forma. Colleuse unha noticia que viña xa redactada polo grupo socialista ao Parlamento. No seu momento foi un acordo que aprobamos por unanimidade esa proposta da cuberta, levámolo entre todos. Despois o leías e xa se entendía, pero si que é verdade que ao mellor o título non estaba ben. Si que foi un erro, pido desculpas por iso. Tentaremos que non volva a suceder.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Vale.

O Sr. Rubido Ramonde di: Vaise facer algo para activar a oficina técnica de urbanismo? Porque hai unha queixa xeral na rúa. As licenzas tardan moitísimo, xa non é un tema das negativas de informes técnicos que van a provocar unha serie de contenciosos, xa o veremos. Na concesión de licenzas rutinarias, hai bastante cabreo na rúa.

O Sr. Alcalde di: Neste caso estamos falando dun tema exclusivamente técnico. Eu respecto plenamente o traballo dos funcionarios. Sei o que queres dicir. Entendo que hai tramitacións que poden ir máis lentas. Tamén pode asegurar que o ano pasado por estas datas houbo multiplicacións dos proxectos que hai presentados. Cada día a Administración ten máis traballo propio. Todos aqueles que traballáchedes ou traballades na Administración, sabédelo perfectamente, ó final non deixan de ser informes técnicos. Estamos subsanando un problema que ven de moitos anos. Temos problemas con obras que están acabadas de antes do 2010, 2014, 2015, 2008, 2007, moitas obras que están sen licencia de primeira ocupación, obras que agora se están intentando legalizar, outras que teñen expedientes de reposición da legalidade urbanística. Son obras, que vos pode asegurar, que ós servizos xurídicos e técnicos do concello lles dan moito traballo. Non sei que queres que che diga, Luís. Eu quero que sexan esixentes e o máis rápidos posibles á hora de informar. Hai que intentar dar a máxima axilidade, sobre todo nestes tempos, no que as subidas de prezos dos materias se están notando, nas propias obras municipais se está a notar. Creo que os técnicos do Concello fan o seu traballo o mellor posible, outra cousa é que sexan máis rápidos ou máis lentos. Contenciosos hainos, pero son contenciosos que veñen de antes do 2015 é do que che pode comentar dende que estamos no Concello. Non porque sexan de ningunha Corporación, non hai ningún Alcalde dos que pasaron polo Concello que teña culpa en ningún expediente de nada, ao final o que facemos nós, os políticos, é pouco máis que firmar decretos. Unha cousa que vos queremos propoñer é comezar a



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

traballar no PXOM, é o que comentabades antes , polo que nos din os técnicos e empresas externas, temos un plan anticuado que precisa adaptarse ás leis actuais e temos carencias en moitas cousas. Polo que queremos propoñer unha Comisión para un seguimento do PXOM formada por todos os grupos, non sei se alguén máis terá que ter participación para que non sexa un plan cerrado, que sexa aberto para todos para que quen estea no goberno cando se teña que aprobar definitivamente que non quede atrás. No tema das licenzas, eu vexo que se están a sacar moitas cousas, vexo as Xuntas de Goberno, os informes que me pasan, as comunicacións previas, agora comunicacións previas estamos tendo unhas 40, 50, 60 ao mes. O outro día, por poñerche un exemplo, unha persoa que presentou unha comunicación previa de obra menor para cambiar unhas ventás e reparar un tellado e presentou un proxecto de 60.000 euros, entón no momento que lle chega ó técnico unha obra menor cun proxecto de 60.000 euros, aí os técnicos teñen que ser totalmente estritos. Urbanismo é como o tema da avogacía, dentro dos meus coñecementos de urbanismo, que tampouco son tantos que dependen da interpretación da lei que teñen eles, outros concellos non o fan igual. Por exemplo coas piscinas, ti tes unha vivenda e no chan de núcleo e tes unha parte rústica pegada, eu considero normal que nunha parte rústica se poda facer unha piscina e máis, a lei permite que quen teña un uso residencial, pero unha piscina non ten un uso residencial, en cambio aquí e Cedeira, Valdoviño, Narón e outros sitios tense que meter no chan de núcleo, non no rústico, sen embargo, a lei permite que se ti tes unha parcela rústica, de máis de 2.000 metros en calquera sitio. Estas son as valoracións que fan os técnicos e ás veces dinche unha cousa e igual nun caso destes creas xurisprudencia para igual de 10 proxectos, 7 van dunha maneira e 3 doutra, entón, para que haxa un mesmo criterio, incluso os proxectistas teñen diferentes criterios. É o que che podo dicir sobre isto, Luís. Vaia rolo que che peguei, eh!

O Sr. Rubido Ramonde di: E menos mal que tes o covid. Que te mellores.

O Sr. Alcalde di: Grazas, Luís.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 21:15 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA  
ANA VELO RUIZ